- Realización en grupo dunha das actividades de páxina que aparecen tralos cadros informativos.
- Desenvolvemento dos contidos referidos a sumas e restas, aplicando as fases manipulativa, gráfica e numérica, e con expresión escrita e verbal de cada unha delas.
- Inicia-la unidade asociando coa área de Coñecemento do medio, a través da lámina da horta e favorecer de esta maneira globaliza-los contidos e coñece-las figuras xeométricas.

3.2. Recursos e medios

Impresos:

- *Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- *Guía didáctica Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.

Outros:

- Plastilina.
- Palliñas.
- Escarvadentes.
- Regra.
- Compás.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4.1. De introducción e motivación:

- Inicia-lo tema coa explicación da lámina da horta, onde os alumnos deben encontrar tipos de plantas e os dous planos que hai.
- Partir dos coñecementos previos que teñen sobre o vocabulario: liña poligonal e polígono, triángulo, pentágono, hexágono, cuadrilátero, equilátero, isóscele, escaleno, circunferencia, círculo, simetría e eixe de simetría.
- Observar diferentes sinais de tráfico e o que indican as súas formas.
- No encerado debuxar varios puntos para que os alumnos os unan con liñas.
- Preguntar cómo deben colocarse no patio para realizar diferentes actividades.

4.2. De desenvolvemento do proceso:

- Discusión en pequeno grupo sobre o que entenden por polígono a través da lectura que se presenta na unidade.
- Debúxanse polígonos no encerado e deben conta-los lados, vértices e ángulos. Desta maneira empézase o traballo dos elementos dun polígono.
- Por parellas ir clasificando os polígonos que aparecen na unidade.
- Diferencia-los tipos de triángulos. A continuación deben facer por grupos un mural debuxando varios tipos.
- Asocia-la circunferencia e o círculo a obxectos cotiáns, e así discuti-las diferencias.
- Dar ós alumnos organizados en pequenos grupos varias figuras con eixe de simetría e outras sen el, ler no libro o cadro informativo e deben pescudar despois qué figuras teñen o eixe de simetría.
- Localizar cadros nunha cuadrícula debuxada no encerado.
- Inicia-la solución de problemas para coñece-la pregunta que fan.

4.3. De atención á diversidade:

Reforzo:

- Con palliñas de refrescos, por parellas, os alumnos deben construír liñas poligonais cerradas dun determinado número de segmentos usando a plastilina para unir unha con outra.
- Completar un cadro no que deben sinala-lo número de lados e ángulos de diferentes polígonos.
- En grupo debuxar diferentes triángulos coa regra e clasificalos. Do mesmo xeito debuxar circunferencias co compás.
- Enumerar obxectos que estean na clase e teñan formas de tódalas figuras traballadas, clasificalas e elaborar un mural.

Ampliación:

- Por grupos, entregar ós alumnos unha cuadrícula e pedirles que debuxen, usando regras, polígonos de vértices que coincidan cos da cuadrícula, que teñan diferentes lados e ángulos.
- Por parellas deben elaborar unha baralla xeométrica a partir dun folio que deben ir dividindo.
- Debuxar triángulos nunha retícula.
- Realizar figuras simétricas recortando papel despois de dobralo pola metade. Cada alumno debe elabora-lo seu propio deseño e confeccionar un mural colectivo con tódalas figuras construídas.
- Resolver problemas e inventar outros semellantes.

5. AVALIACIÓN

5.1. Criterios de avaliación

- Identifica nun polígono os lados, vértices e ángulos.
- Clasifica os polígonos polo número de lados.
- Recoñece se un triángulo é equilátero, isóscele ou escaleno.
- Debuxa polígonos coa regra e traza circunferencias con patróns e co compás.
- Recoñece o eixe de simetría dunha figura.
- Localiza cadros nunha cuadrícula coñecendo as súas coordenadas.
- Escolle a pregunta que se pode contestar cos datos dados no enunciado dun problema.
- Recoñece polígonos e círculos en obxectos cotiáns.

5.2. Procedementos e Instrumentos

Procedementos:

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

MATEMÁTICAS 3.º

UNIDADE 10: TEMPO E DIÑEIRO

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Resolver situacións problemáticas nas que interveñan os días e os meses do ano.
- Ler e representa-las horas nun reloxo analóxico.
- Le-las horas ata "...e media" en reloxos dixitais.
- Diferencia-las horas antes e despois do mediodía.
- Identifica-las moedas e os billetes de ata 50 euros e establecer equivalencias entre eles.
- Resolver problemas con moedas e billetes.
- Interpretar un pictograma.
- Inventa-la pregunta en problemas de dúas operacións.
- Valora-la necesidade e a utilidade de medi-lo tempo e o diñeiro na vida diaria.

2. CONTIDOS

2.1. Conceptos e procedementos

- Os días e meses do ano.
- Lectura das horas nun reloxo analóxico.
- Lectura das horas ata "...e media" en reloxos dixitais.
- Diferenciación das horas antes e despois do mediodía.
- Identificación das moedas e os billetes de ata 50 euros e das súas equivalencias.
- Resolución de problemas con moedas e billetes.
- Interpretación dun pictograma.
- Invención da pregunta en problemas de dúas operacións dadas.
- Cálculo de multiplicacións por 1000.

2.2. Actitudes

- Valoración da necesidade e utilidade de medi-lo tempo e o diñeiro na vida diaria.

2.3. Contidos transversais:

Educación do consumidor: reflexionar sobre os gastos banais, a comparación de prezos na adquisición das cousas materiais e a utilización dos cartos. Aproveita-lo desenvolvemento da Unidade para facer ver ó alumnado que á hora de comprar debemos ter en conta a necesidade, a calidade e o prezo. Reflexionar cos alumnos sobre esta cuestión: o diñeiro, ¿é un medio de vida ou un fin?

3. METODOLOXÍA

3.1. Proceso de ensinanza - aprendizaxe

- Diálogo colectivo sobre ¿que sabemos?, ¿que nos gustaría saber?, ¿que podemos saber?
- Por parellas traballar diferentes horas no reloxo, partindo unicamente do que eles coñecen.

3.2. Recursos e medios

Impresos:

- *Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- *Guía didáctica Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- Calendario.
- Fotocopias de moedas e billetes

Outros:

- Reloxo dixital.
- Reloxo analóxico de cociña.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4.1. De introducción e motivación:

- Partir do vocabulario que coñecen relacionado co tema: euro, céntimo, reloxo dixital, reloxo analóxico.
- Analiza-la situación que se presenta no libro para inicia-la utilización e coñece-la equivalencia entre o euro e os céntimos e por parellas concibir un plan de actuación para resolve-la situación presentada.
- Comentar cos alumnos os días que ten un ano e os meses, así como os días de cada mes e a existencia dos chamados anos bisestos.
- Por parellas observan os reloxos analóxicos e dixitais que aparecen no apartado "aprende" e deben pescuda-las diferencias. Posteriormente faise unha posta en común.
- Traballa-la lectura das horas a partir do reloxo do libro e segundo as distintas posicións das agullas do reloxo.
- Dialogar cos alumnos e alumnas sobre a utilidade do diñeiro. Levar moedas e billetes á clase e deixar que os observen.

4.2. De desenvolvemento do proceso:

- Interpreta-las horas nun reloxo analóxico e relacionalas cun reloxo dixital.
- Por parellas deben utiliza-lo calendario para buscar datas concretas que se vaian comentando: aniversarios, festas, etc.
- Debuxar reloxos sen agullas e deben ir debuxándoas sinalando distintas horas.
- Enumerar actividades que os alumnos realizan antes e despois do mediodía e así explica-las horas.
- Seguindo o debuxo do libro, propor ós alumnos que se fixen na cor das moedas para diferencialas mellor.

4.3. De atención á diversidade:

Reforzo:

- Por parellas deben elaborar un plan de actuación para resolve-la situación que se presenta na lámina do libro.
- Debuxar cada un un calendario sinalando datas significativas para eles.
- Confeccionar cada alumno un horario de actividades extraescolares.
- Por grupos elaborar un plan, por horas, dun día normal de clase. Sinalando as horas e as actividades que fan.
- Nun cadro, os alumnos deben escribir cinco maneiras diferentes a cantidade de 50 euros utilizando sempre billetes.

Ampliación:

- Por parellas elaborar reloxos de cartolina e suxeita-las agullas con encadernadores.
- Completar series horarias seguindo as horas dos reloxos dixitais.
- Por grupos deben elaborar un mural sobre o euro: *¿que é?, países onde se utilizará, bandeiras dos países, símbolo do euro.*

- Traballa-lo sistema monetario utilizando moedas de 1, 2, 5, 10, 20 e 50 céntimos para obter cantidades comprendidas entre 1 e 100 co menor número de moedas posible.

5. AVALIACIÓN

5.1. Criterios de avaliación

- Sabe os meses e cántos días ten un ano.
- Le as horas nun reloxo analóxico.
- Le as horas ata "... e media" en reloxos dixitais.
- Diferencia as horas antes e despois do mediodía.
- Identifica as moedas e os billetes de ata 50 euros e establece equivalencias entre eles.
- Resolve problemas con moedas e billetes.
- Interpreta un pictograma.
- Inventa a pregunta en problemas de dúas operacións.
- Valora a necesidade de le-las horas e de saber manexa-las moedas e billetes na vida diaria.

5.2. Procedementos e Instrumentos

Procedementos:

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

MATEMÁTICAS 3º.

UNIDADE 11: REPARTICIÓNS E DIVISIÓN

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Relaciona-la división cunha repartición en partes iguais.
- Recoñece-los termos e o signo de división.
- Calcular divisións nas que o divisor e o cociente son números díxitos.
- Distinguir entre división exacta e división enteira.
- Interpretar un gráfico de puntos.
- Descubri-lo dato que falta nun problema, inventalo e resolve-lo problema.
- Valora-la importancia da división na vida diaria.

2. CONTIDOS

2.1. Conceptos e procedementos

- Reparticións en partes iguais exactas e non exactas.
- Os termos da división.
- A división exacta e a división enteira.
- Cálculo de divisións nas que o divisor e o cociente son números díxitos.
- Interpretación dun gráfico de puntos.
- Determinación do dato que falta para poder resolver un problema.

2.2. Actitudes

- Valoración da importancia da división para resolver situacións da vida diaria.
- Interese por coñecer novas relacións numéricas.

2.3. Contidos transversais:

Educación ambiental: Espertar nos alumnos hábitos para coida-lo medio natural. Comentar con eles a incidencia do home no medio natural e cómo podemos evita-los incendios.

3. METODOLOXÍA

3.1. Proceso de ensinanza - aprendizaxe

- Presentación e repaso dos contidos previos da unidade, enmarcados en problemas da realidade cotiá ou das súas propias experiencias.
- Diálogo colectivo sobre ¿que sabemos?, ¿que nos gustaría saber?, ¿que podemos saber?
- Presentación ó grupo de clase dos cadros informativos que aparecen en cada un dos temas; resolución en común nun proceso de interacción profesor-alumno, alumnos-alumnos. Apoio ó proceso a través das formas manipulativa e gráfica.
- Realización dunha das actividades de páxina que aparecen tralos cadros informativos con utilización dunha distribución por grupos. Posta en común con expresión verbal do proceso.

3.2. Recursos e medios

Impresos:

- *Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- *Guía didáctica Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.

Outros:

- Material manipulativo: escarvantes, botóns, boliñas, chapas.
- Tiras de papel.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4.1. De introducción e motivación:

- A través da lámina que aparece no libro contextualizada no coidado das plantas, comproba-lo cálculo mental dos alumnos, mediante operacións nas que interveñan sumas, restas e multiplicacións básicas.
- Partir dos conceptos previos dos alumnos sobre: dividendo, divisor, cociente, resto, división exacta e enteira, metade, cuarto, tercio.
- Aplicar a situacións cotiás.

4.2. De desenvolvemento do proceso:

- Os alumnos len a situación que se presenta no libro e dramatízana. Verbalizan cada paso do proceso. Destacar que están repartindo a partes iguais. Utilizar material manipulativo para exemplifica-la repartición.
- Resolución de actividades a través da secuencia seguinte: manipulación, expresión gráfica, expresión oral e expresión matemática.
- Por parellas le-lo problema que aparece no libro e facer que indiquen os peixes que meterá Andrea no acuario. Cadaquén debe explicar como chegou ó resultado.
- Debuxa-la situación do libro no encerado para traballa-la repartición non exacta. Despois os alumnos realizan as actividades de maneira manipulativa.
- Para traballa-los termos da división, por grupos indicar situacións da vida cotiá similares ás que aparecen no libro.

4.3. De atención á diversidade:

Reforzo:

- Comprobar con diferentes exemplos que os alumnos coñecen os termos da división.
- Por grupos realizar diferentes divisións.
- Resolver problemas entendendo o enunciado.

Ampliación:

- Propor ós alumnos que descompoñan o número 10.
- Os alumnos completan táboas de relación entre divisor e cociente.
- Reconstrucción de divisións buscando relación entre divisor, cociente e resto co dividendo.
- Pescuda-lo mes de nacemento dos compañeiros e representalos nun gráfico de puntos.

5. AVALIACIÓN

5.1. Criterios de avaliación

- Relaciona a división cunha repartición en partes iguais.
- Identifica os termos de división, dividendo, divisor, cociente e resto.
- Calcula divisións nas que o divisor e o cociente son números díxitos.
- Distingue entre división exacta e división enteira.
- Resolve problemas simples de división.
- Interpreta un gráfico de puntos.
- Identifica o dato que falta nunha situación problemática dada.
- Recoñece a importancia da división na resolución de problemas da vida diaria.

5.2. Procedementos e Instrumentos

Procedementos:

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdario.

MATEMÁTICAS 3º.

UNIDADE 12: PRACTICA DA DIVISIÓN

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Calcular divisións de dúas e de tres cifras no dividendo e unha no divisor.
- Calcula-la metade, o tercio e o cuarto dun número.
- Resolver problemas de división.
- Representar datos mediante un gráfico de puntos.
- Elixi-las operacións que resolven un problema dado.
- Valora-lo propio traballo e o dos compañeiros.

2. CONTIDOS

2.1. Conceptos e procedementos

- Cálculo de divisións de dúas cifras no dividendo e unha no divisor.
- Cálculo de divisións de tres cifras no dividendo e unha no divisor.
- Cálculo da metade, o tercio e o cuarto dun número.
- Resolver problemas de división.
- Representación de datos mediante un gráfico de puntos.
- Elección das operacións que resolven un problema dado.
- Cálculo mental da multiplicación dun dígito por unha centena completa.

2.2. Actitudes

- Valoración do propio traballo e do dos compañeiros.
- Interese por presenta-las operacións de forma limpa e ordenada.

2.3. Contidos transversais:

Educación moral e cívica: *Responsabilidade.* Fomentar a través de actividades a responsabilidade que todos temos de coida-lo medio natural. Propór-lles facer carteis ou un mural con frases coma: "Deixa a natureza como che gustaría encontrala".

3. METODOLOXÍA

3.1. Proceso de ensinanza - aprendizaxe

- Presentación e repaso dos contidos previos da unidade, enmarcados en problemas da realidade cotiá ou das súas propias experiencias.
- Diálogo colectivo sobre ¿que sabemos?, ¿que nos gustaría saber?, ¿que podemos saber?
- Presentación ó grupo de clase dos cadros informativos que aparecen en cada un dos temas; resolución en común nun proceso de interacción profesor-alumno, alumnos-alumnos. Apoio ó proceso a través das formas manipulativa e gráfica.
- Realización dunha das actividades de páxina que aparecen tralos cadros informativos con utilización dunha distribución por grupos. Posta en común con expresión verbal do proceso.

3.2. Recursos e medios

Impresos:

- *Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- *Guía didáctica Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.

Outros:

- Material manipulativo: escarvantes, botóns, bólas, chapas.
- Tiras de papel.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4.1. De introducción e motivación:

- Introduci-lo tema coa lectura colectiva do problema que se propón.
- Traballa-lo cálculo mental para afianzar destrezas que favorezan a división.
- Verbalizar cos alumnos o proceso de cómo se realizan as divisións.
- Realizar por parellas multiplicacións básicas e controla-lo tempo e os posibles fallos.
- Propor actividades de formar grupos de cousas con material manipulativo e dividilos en dúas, tres ou catro partes iguais para aprende-los conceptos de medio, tercio e cuarto.

4.2. De desenvolvemento do proceso:

- Realizar divisións sinxelas con dividendos de 2, 3 cifras e o divisor de unha, guiados polo profesor. Verbaliza-los pasos.
- Ler por parellas problemas que aparecen no libro e resóvelos. Despois verbaliza-las solucións.
- Realizar divisións con material manipulativo para afianza-lo aprendido.
- Por grupos pescuda-la metade, tercio e cuarto de diferentes números.
- Representar datos mediante un gráfico de puntos con obxectos próximos á súa vida cotiá.
- Resolver problemas seguindo os pasos: entende-lo enunciado, formular, resolver e comprobar.

4.3. De atención á diversidade:

Reforzo:

- Practicar por parellas e con material manipulativo as divisións.
- Completar cadros de metade, tercio e cuarto de diferentes números.
- Debuxar nunha cartolina unha táboa escribindo os nomes de cada alumno en cadros horizontais e os días do mes en verticais. Marca-los días que cada un faltou á clase. Practicar de esta maneira completar un gráfico.
- Por grupos resolver problemas semellantes ós que aparecen no libro seguindo os pasos.
- Realizar un mural por grupos para a aula cun esquema sobre os termos da división e os pasos a seguir para a mecanización da mesma.

Ampliación:

- Suxerirlles ós alumnos as seguintes operacións de cálculo mental: suma, operacións nas que partindo das multiplicacións básicas se sumen números do 1 ó 8; resta, operacións comprendidas entre 0 e 90; multiplicación, suxira a resolución de operacións de multiplicacións básicas; combinación de operacións de multiplicación e suma.
- Explicarlles ós alumnos unha división doutra forma, realizada pola descomposición do dividendo.

5. AVALIACIÓN

5.1. Criterios de avaliación

- Calcula divisións de dúas cifras no dividendo e unha no divisor.
- Calcula divisións de tres cifras no dividendo e unha no divisor.
- Calcula a metade, o tercio e o cuarto dun número.
- Resolve problemas de división.
- Representa datos mediante un gráfico de puntos.
- Elixo as operacións necesarias para resolver un problema dado.
- Valora o propio traballo e o dos compañeiros.

5.2. Procedementos e Instrumentos

Procedementos:

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdario.

MATEMÁTICAS 3º.

UNIDADE 13: LONXITUDE

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñece-las unidades naturais: pé, paso e cuarta.
- Identifica-lo centímetro, o decímetro, o metro e o quilómetro como unidades de lonxitude.
- Identifica-lo metro como unidade principal de lonxitude.
- Coñece-las equivalencias entre o metro, o decímetro e o centímetro e entre o quilómetro e o metro.
- Medir coa regra lonxitudes en centímetros.
- Estima-la lonxitude de obxectos e distancias cotiás.
- Resolver problemas con unidades de lonxitude.
- Interpretar e representar datos nun gráfico lineal.
- Corrixir un problema mal resolto.
- Valora-la precisión na medición de lonxitudes.

2. CONTIDOS

2.1. Conceptos e procedementos

- Recoñecemento e medición de lonxitudes con unidades naturais.
- Identificación do centímetro, o decímetro, o metro e o quilómetro.
- Recoñecemento do metro como unidade principal de lonxitude.
- Equivalencias entre o metro, o decímetro e o centímetro e entre o quilómetro e o metro.
- Medición de lonxitudes en centímetros coa regra.
- Estimación da lonxitude de obxectos e distancias cotiás.
- Resolución de problemas con unidades de lonxitude.
- Interpretación e representación de datos nun gráfico lineal.
- Determinación da razón de un problema estar mal resolto.
- Cálculo mental da suma de tres sumandos sendo dous deles decenas completas.

2.2. Actitudes

- Valoración da importancia na vida diaria da medida de lonxitude e da súa estimación.
- Valoración da precisión na medición de lonxitudes.

2.3. Contidos transversais:

Educación vial: Recordalo comportamento dos peóns na vía pública (o respecto ós semáforos, cruzar por pasos de peóns...). Aproveita-las actividades para que os alumnos lembrar cáles son os espazos para os peóns e cáles para os vehículos. Facer fincapé na utilización dos pasos reservados para peóns e no respecto ás luces do semáforo.

3. METODOLOXÍA

3.1. Proceso de ensinanza - aprendizaxe

- Presentación e repaso dos contidos previos da unidade, enmarcados en problemas da realidade cotiá ou das súas propias experiencias.
- Diálogo colectivo sobre ¿que sabemos?, ¿que nos gustaría saber?, ¿que podemos saber?
- Presentación ó grupo de clase dos cadros informativos que aparecen en cada un dos temas; resolución en común nun proceso de interacción profesor-alumno, alumnos-alumnos. Apoio ó proceso a través das formas manipulativa e gráfica.
- Realización dunha das actividades de páxina que aparecen tralos cadros informativos con utilización dunha distribución por grupos. Posta en común con expresión verbal do proceso.

3.2. Recursos e medios

Impresos:

- *Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- *Guía didáctica Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- Revistas.

Outros:

- Regra.
- Cinta métrica.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4.1. De introducción e motivación:

- Inicia-lo tema cunha posta en común sobre a situación que se presenta no libro nun centro comercial. Resólvenlo os alumnos por equipos ata descubriren a importancia e necesidade de coñecer as unidades de lonxitude, capacidade e masa.
- Exporlles ós alumnos os contidos que van estudar no tema, as unidades máis usuais e concretamente as de lonxitude.
- Partir do vocabulario básico: metro, decímetro, centímetro e quilómetro, asociándoos á súa vida diaria.

4.2. De desenvolvemento do proceso:

- Partindo da ilustración do libro, inicia-lo tema coas unidades naturais de paso, pé e cuarta. Dividi-la clase en grupos e fan medicións na aula asignando a cada un dos participantes a utilización dunha medida natural concreta.
- Anotar por parellas medicións de obxectos con medidas naturais e non convencionais para logo o faceren coas convencionais e comparar.
- Aprende-la medida do centímetro a partir da regra, medindo obxectos e comentando que cada espazo entre os números se chama centímetro. Asegurarse que non haxa dificultade en utiliza-la regra.
- Para traballa-lo decímetro partir do apartado "aprende" e clasifiquen distintos obxectos de forma individual, en dous grupos: os que miden máis de 1 decímetro e os que miden menos de 1 decímetro.
- Enumerar elementos do seu entorno con medidas superiores a 1 metro.
- Le-la situación que se presenta no libro para traballa-lo quilómetro e despois escribir no encerado as equivalencias entre as distintas unidades de lonxitude a modo de resumo.
- Partir da ilustración do libro para interpretar e representar datos nun gráfico lineal.

4.3. De atención á diversidade:

Reforzo:

- Completar unha táboa indicando tres obxectos ou lugares que teñan unha medida superior ás que se indican.
- Asegurarse mediante diferentes preguntas de que os alumnos interiorizaron as correspondencias do sistema numérico (unidades, decenas, centenas...) para que poidan comprender correctamente as equivalencias entre as unidades de lonxitude.
- Reforza-la expresión de cantidades nas mesmas unidades para poder solucionarlas diferentes actividades.

Ampliación:

- Confeccionar unha regra cunha tira de cartolina semellante á que teñen, marcando desde o 0 ó 10 e indicar ónde vai cada centímetro. Escribi-los números. Con esta regra deben realizar medicións de obxectos.
- Completar unha táboa de medidas nas que deben relaciona-los metros, decímetros e centímetros de varios números.
- Por parellas resolver un problema de medidas e despois face-la representación gráfica.
- Representar nunha táboa similar á do libro datos relacionados con acontecementos da aula, por exemplo cántos alumnos e alumnas faltaron en total en cada un dos meses que levan de curso.
- Resolver problemas de inventiva seguindo os pasos de resolución de problemas.

5. AVALIACIÓN

5.1. Criterios de avaliación

- Realiza medicións con unidades naturais.
- Recoñece o centímetro, o decímetro, o metro e o quilómetro como unidades de lonxitude.
- Establece equivalencias entre o metro, o decímetro e o centímetro e entre o quilómetro e o metro.
- Mide lonxitudes utilizando a regra.
- Estima a lonxitude de obxectos e distancias cotiás.
- Resolve problemas con unidades de lonxitude.
- Interpreta e representa datos nun gráfico lineal.
- Explica por qué un problema está mal resolto e resólveo correctamente.
- Realiza con precisión a medición de lonxitudes.

5.2. Procedementos e Instrumentos

Procedementos:

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdario.

MATEMÁTICAS 3º.

UNIDADE 14: CAPACIDADE E MASA

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identifica-lo litro e o quilogramo como unidades principais de capacidade e de masa, respectivamente.
- Recoñece-la equivalencia entre un litro, medio litro e un cuarto de litro, entre un quilo, medio quilo e un cuarto de quilo e entre o quilo e o gramo.
- Estima-la capacidade e a masa de obxectos cotiáns.
- Resolver problemas con unidades de capacidade e de masa.
- Interpretar un gráfico de barras de dúas características.
- Inventar un problema cos datos dun debuxo.
- Valora-la importancia da medida de capacidade e de masa e de súa estimación na vida diaria.

2. CONTIDOS

2.1. Conceptos e procedementos

- Recoñecemento do litro como unidade principal de capacidade.
- Equivalencias entre un litro, medio litro e un cuarto de litro.
- Recoñecemento do quilogramo ou quilo como unidade principal de masa.
- Equivalencias entre un quilo, medio quilo e un cuarto de quilo e entre o quilo e o gramo.
- Estimación da capacidade ou a masa de obxectos cotiáns.
- Resolución de problemas con unidades de capacidade e de masa.
- Interpretación dun gráfico de barras de dúas características.
- Invención dun problema a partir dos datos dun debuxo.
- Cálculo mental da suma dun número máis 9.

2.2. Actitudes

- Valoración da importancia da medida de capacidade e de masa e da súa estimación na vida diaria.
- Interese por utilizar correctamente os instrumentos de medida.

2.3. Contidos transversais:

Educación non sexista: Destacar que as tarefas, xogos, profesións e deportes non se realizan en función do sexo. Aproveita-las actividades para que os alumnos reflexionen sobre a igualdade de sexos nos distintos ámbitos do seu medio; propor que detecten na prensa, radio ou televisión algunha noticia, película, anuncio... que discrimine a unha persoa por razón do seu sexo e comentala na clase.

3. METODOLOXÍA

3.1. Proceso de ensinanza - aprendizaxe

- Análise dos contidos previos da unidade, con especial incidencia nos conceptos básicos de lonxitude, capacidade e masa e nas principais unidades de medidas convencionais.
- Presentación ó grupo de clase dos cadros informativos que aparecen en cada un dos temas, facendo fincapé en: partir do concepto metro, quilo, gramo e litro, como unidades convencionais e na formulación de situacións de estimación de medida de obxectos, espazos, etc. e posterior comprobación.
- Realización de medicións coas unidades convencionais, seguindo as fases manipulativa, gráfica e numérica, e despois expresar verbalmente o proceso.

3.2. Recursos e medios

Impresos:

- *Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- *Guía didáctica Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.

Outros:

- Envases de distintas capacidades.
- Distintos tipos de balanzas e básculas.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4.1. De introducción e motivación:

- Inicia-lo tema cunha posta en común sobre a situación que se presenta no libro nun centro comercial. Resólvenlo os alumnos por equipos ata descubriren a importancia e necesidade de coñeceren as unidades de lonxitude, capacidade e masa.
- Expor ós alumnos os contidos que van estudar no tema, as unidades máis usuais e concretamente as de capacidade e masa.
- Partir do vocabulario básico: quilo, medio quilo, cuarto de quilo, gramo, litro, medio litro, cuarto de litro e asocialo á súa vida diaria.
- Chuvia de ideas sobre os momentos nos que os alumnos utilizan estas unidades (mercado, casa, cando beben o leite...).

4.2. De desenvolvemento do proceso:

- Reunir cos alumnos e alumnas distintos envases de leite, zume, auga, latas de refresco, xerras, vasos, cuncas... recollidos na casa, invitalos a clasificaren os envases de maior a menor capacidade, sen facer medicións concretas.
- Traballa-lo medio litro e o cuarto de litro a través de envases e a súa identificación por capacidade aproximada de estas medidas. Tamén reforzala con vasos, cuncas, etc.
- Face-la representación gráfica destas medidas.
- As estimacións vanse aprender a partir das actividades do libro e empregando material manipulativo como vaso, cunca, xerra, botella, etc.
- Inventar problemas por grupos pequenos unha vez explicados os pasos para resolvelos.

4.3. De atención á diversidade:

Reforzo:

- Reforzar tódalas medicións coa súa representación gráfica nunha táboa.
- Practicar regras mnemotécnicas como técnicas de aprendizaxe para transformar quilos en medios quilos e en cuartos.
- Completar por parellas unha táboa na que deben ir enchendo datos de quilos, medios quilos, cuartos de quilo e gramos.
- Recoller datos da vida cotiá en que se utilice o gramo como unidade de medición. Facer despois unha posta en común na clase.
- Estimar nos alumnos os seus propios pesos, tomando como referencia algún peso coñecido.

Ampliación:

- Propor ós alumnos e alumnas a construción dun litro, para isto utilizar un envase de cartón de calquera produto con capacidade dun litro, recorta-la parte superior e escribir nun anaco de papel "1 litro" e apegalo no envase.
- Por parellas xogar ás adiviñas para razoar empregando as medidas da unidade.

- Facer preguntas sobre o quilo, medio quilo e cuarto de quilo, intentando relacionalos e que o alumno deba responder e pescuda-la pregunta formulada.
- Presentar un problema de estimacións coa carga de dous camiós.
- Realizar gráficos de barras e despois ampliar con máis preguntas de comparacións.
- Inventar problemas.

5. AVALIACIÓN

5.1. Criterios de avaliación

- Identifica o litro e o quilogramo como unidades principais de capacidade e de masa, respectivamente.
- Establece equivalencias entre as unidades de capacidade e entre as unidades de masa traballadas.
- Estima a capacidade e a masa de obxectos cotiáns.
- Resolve situacións problemáticas nas que interveñen unidades de capacidade ou de masa.
- Interpreta un gráfico de barras de dúas características.
- Inventa un problema cos datos dun debuxo.
- Valora a importancia das medidas de capacidade e de masa e da súa estimación na vida diaria.

5.2. Procedementos e Instrumentos

Procedementos:

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

MATEMÁTICAS 3º.

UNIDADE 15: CORPOS XEOMÉTRICOS

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar prismas, pirámides e corpos redondos.
- Recoñece-los elementos dos corpos xeométricos.
- Clasificar e nomear prismas e pirámides segundo o polígono da base.
- Recoñecer prismas e corpos redondos vistos desde arriba e de fronte.
- Representar datos en gráficos de barra de dúas características.
- Inventar problemas de dúas operacións dadas a partir dos datos dun texto.
- Mostrar interese por analizar relacións entre os elementos dos corpos xeométricos.

2. CONTIDOS

2.1. Conceptos e procedementos

- Identificación de prismas, pirámides, esferas, cilindros e conos.
- Recoñecemento dos elementos dos prismas e das pirámides: caras (bases e caras laterais), vértices e arestas.
- Clasificación de prismas e pirámides segundo o polígono da base.
- Recoñecemento de prismas e corpos redondos vistos desde arriba e de fronte.
- Representación de datos en gráficos de barras de dúas características.
- Invención de problemas de dúas operacións dadas a partir dos datos dun texto.
- Cálculo mental da resta dun número menos 9.

2.2. Actitudes

- Interese por analizar relacións entre os elementos dos corpos xeométricos.
- Interese polo trazado coidadoso e limpo dos debuxos dos corpos xeométricos.

2.3. Contidos transversais:

Educación para a paz: Reflexionar sobre cómo todos podemos contribuir á mante-la harmonía da comunidade escolar. Escribir frases sobre isto.

3.METODOLOXÍA

3.1. Proceso de ensinanza - aprendizaxe

- Presentación e repaso dos contidos previos da unidade, enmarcados en problemas da realidade cotiá ou das súas propias experiencias.
- Diálogo colectivo sobre ¿que sabemos?, ¿que nos gustaría saber?, ¿que podemos saber?
- Presentación ó grupo de clase dos cadros informativos que aparecen en cada un dos temas; resolución en común nun proceso de interacción profesor-alumno, alumnos-alumnos. Apoio ó proceso a través das formas manipulativa e gráfica.
- Realización dunha das actividades de páxina que aparecen tralos cadros informativos con utilización dunha distribución por grupos. Posta en común con expresión verbal do proceso.

3.2. Recursos e medios

Impresos:

- *Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.
- *Guía didáctica Matemáticas 3*. Edicións Obradoiro Santillana.

Outros:

- Lapis de cores.
- Cartolinas.
- Cola.
- Tesoiras.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

4.1. De introducción e motivación:

- A partir da lámina do libro presentar unha situación problemática que, ó ser resolvida, fará comprender ós alumnos e alumnas a necesidade de coñece-lo nome dos corpos xeométricos.
- Individualmente resolven a situación e elaboran un plano de acción, a continuación explica-lo plano ós compañeiros.
- Analiza-lo vocabulario básico do tema: prisma, pirámide, esfera, cono, cilindros, aresta, vértice, cara e base. Asocialos a obxectos da súa vida diaria.
- Comentar cos alumnos os contidos do tema para deixar que expresen as súas opinións e levar a cabo unha posta en común.
- Enumerar obxectos da clase que teñan as diferentes formas dos corpos xeométricos a traballar. Debuxalos.

4.2. De desenvolvemento do proceso:

- Formularlles ós alumnos preguntas para que diferencien prismas entre varios obxectos presentados e despois digan a forma das bases e as caras dos mesmos.
- Aproveita-la presentación que aparece na páxina 182 para propor ós alumnos a realización dun traballo en grupo con fotografías das pirámides de Exipto.
- Seguindo o modelo que se presenta no libro, cada alumno debe construír unha pirámide con cartolina branca.
- Por parellas analizar e clasifica-los prismas e as pirámides. Debuxa-los tipos e facer un mural.
- Propo-la manipulación de obxectos con forma esférica, cilíndrica e cónica, como por exemplo: unha pelota, un bote, un gorro de pallaso, etc.
- Para traballa-los corpos vistos desde arriba e de fronte iníciase coa percepción de obxectos de uso cotián: libro, estoxo, mesa.... para observar desde ónde se poden ver e qué ven segundo de ónde se observen, despois reflexionar sobre os resultados.
- Representar datos nun gráfico de barras de dúas características partindo de datos relacionados con obxectos da súa vida diaria.
- Resolver problemas do libro por grupos.

4.3. De atención á diversidade:

Reforzo:

- Reforza-la aprendizaxe dos corpos xeométricos con preguntas que asocien as formas con obxectos cotiáns da clase ou do seu medio.
- Construír con cubos figuras xeométricas de diferentes tamaños e comparalas.
- Verbalizar cos alumnos a relación entre o nome que recibe a pirámide co polígono da súa base e o número de vértices.
- Insistir na observación directa de obxectos simples desde puntos de vista distintos para reforza-la orientación espacial.
- Comentar cos alumnos as aplicacións que poden te-los contidos aprendidos no tema na súa vida cotiá.

Ampliación:

- Aproveita-la observación dos edificios para comentar cos alumnos os distintos materiais empregados na súa construción, os usos que se lle dan a estes edificios e se son antigos ou modernos. É unha maneira de conecta-los contidos do tema coa área de Coñecemento do medio.
- Pintar figuras feitas con cubos de diferentes cores para desenvolve-la capacidade visual dos alumnos.
- Aproveita-la fotografía do apartado "aprende" para comentar e asocia-las pirámides realizadas na clase coas de Exipto.
- Propor por grupos que escriban palabras relacionadas con triángulo, cuadrilátero, pentágono e hexágono. Asociamos así o contido co área de Lingua.
- Construír figuras, prismas e pirámides sobre unha cuadrícula.

5. AVALIACIÓN

5.1. Criterios de avaliación

- Identifica prismas, pirámides e corpos redondos.
- Recoñece os elementos dos corpos xeométricos.
- Nomea prismas e pirámides segundo o polígono da base.
- Recoñece prismas e corpos redondos vistos desde arriba e de fronte.
- Representa datos en gráficos de barras de dúas características.
- Inventa problemas de dúas operacións dadas a partir dos datos dun texto.
- Busca e analiza relacións entre os elementos dos corpos xeométricos.

5.2. Procedementos e Instrumentos

Procedementos:

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades encomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.